



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA

INSTRUCCIONES DE PUBLICIDADE

Versión 6.0 (20/02/2017)

Axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020

Conseguir unha educación de calidade

O FSE inviste no teu futuro



CONTIDO

1	RESPONSABILIDADES DOS BENEFICIARIOS	3
2	PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN	4
2.1	Emblema da Unión Europea e cores normalizadas.....	4
2.2	Referencia á Unión Europea.....	6
2.3	Referencia ao FSE.....	8
2.4	Lema do FSE.....	8
2.5	A imaxe corporativa institucional de Galicia.....	8
2.6	A marca turística de Galicia.....	9
2.7	Utilización conxunta de elementos de comunicación.....	9
3	MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	11
3.1	Páxinas web.....	11
3.2	Contratos predoutorais.....	14
3.3	Facturas / nóminas / contratos.....	15
3.4	Carteis informativos nos centros de destino e nos lugares de realización da actuación	16
3.5	Publicacións: científicas, libros, folletos, trípticos, dípticos.....	19
3.5.1	Publicacións científicas.....	19
3.5.2	Libros impresos ou electrónicos.....	19
3.5.3	Publicacións impresas e electrónicas.....	21
3.6	Actividades formativas e informativas.....	22
3.7	Comunicación a través de anuncios, audio ou vídeo.....	25
3.7.1	Publicación de anuncios.....	25
3.7.2	Emisións de voz.....	26
3.7.3	Emisións de vídeo.....	26



1 RESPONSABILIDADES DOS BENEFICIARIOS

As responsabilidades que os beneficiarios deben cumprir en materia de información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos son as seguintes:

1. En todas as medidas de información e comunicación débese recoñecer o apoio do FSE á operación mostrando:
 - a) o **emblema** da Unión e referencia á **Unión Europea**
 - b) referencia ao **FSE**.
2. Durante a realización da operación (*Axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i*):
 - a) breve descrición no seu **sitio de Internet**, en caso de que dispoña dun, da **operación**, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus **obxectivos e resultados**, e destacando o **apoyo financeiro** da Unión.
 - b) colocando un **cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3)**, no que se mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.
3. O beneficiario asegurarse de que **as partes que interveñen na operación financiada foron informadas do financiamento europeo**.
Calquera documento relacionado coa execución da operación que se destine ao público ou ás persoas participantes, incluídos os certificados de asistencia ou doutro tipo, conterá unha declaración na que se informe de que o programa operativo recibiu apoio do FSE.

2 PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN

O beneficiario debe recoñecer e informar ao público do apoio do FSE á operación. En todas as medidas de información e comunicación débese recoñecer o apoio do FSE á operación mostrando:

- a) o **emblema** da Unión e referencia á **Unión Europea**
- b) referencia ao **FSE**
- c) Incluírase, sempre que sexa posible, o **lema “O FSE inviste no teu futuro”** para resaltar o valor engadido deste e da Unión Europea

Os elementos que habitualmente convivirán nas accións de comunicación desenvolvidas ou impulsadas pola Xunta de Galicia son os seguintes:


2.1 Emblema da Unión Europea e cores normalizadas

Sobre un fondo de ceo azul, doce estrelas douradas forman un círculo, que representa a unión dos pobos de Europa. O número de estrelas é invariablemente doce, símbolo de perfección e unidade.



O emblema consiste nunha bandeira rectangular de cor azul, cunha lonxitude equivale a tres medios da súa anchura. Doce estrelas douradas equidistantes forman un círculo imaxinario cuxo centro se atopa no punto de intersección das diagonais do rectángulo. O radio do círculo equivale a un terzo da altura da bandeira. Cada unha das estrelas de cinco puntas inscríbese nun círculo imaxinario cuxo radio equivale a un dezaioitavo da anchura da bandeira. Todas as estrelas están en posición vertical, isto é, cunha punta dirixida cara

arriba e outras dúas sobre unha liña recta imaxinaria, perpendicular á hasta da bandeira. A disposición das estrelas correspóndese coa das horas na esfera dun reloxo, e o seu número é invariable.



As cores do emblema son:

- ✓ PANTONE REFLEX BLUE para a superficie do rectángulo.
- ✓ PANTONE YELLOW para as estrelas.




Para a súa impresión en cuatricromía, utilizaranse as catro cores desta para obter as cores normalizadas:

- ✓ PANTONE YELLOW: obtense utilizando un 100% de «Process Yellow»,
- ✓ PANTONE REFLEX BLUE: obtense mesturando un 100% de «Process Cyan» cun 80% de «Process Magenta».

INTERNET: Na paleta empregada na web, o PANTONE REFLEX BLUE corresponde á cor RGB: 0/51/153 (hexadecimal: 003399) e o PANTONE YELLOW, á cor RGB: 255/204/0 (hexadecimal: FFCC00).

REPRODUCCIÓN EN MONOCROMÍA: De empregarse o negro, rodearase a superficie do rectángulo cun bordo negro e colocaranse as estrelas, tamén en

negro, sobre un fondo branco. De empregarse o azul (REFLEX BLUE), deberá utilizarse ao 100%, coas estrelas en negativo branco.



REPRODUCCIÓN SOBRE FONDO DE COR: En caso de que o emprego dun fondo de cor fose a única alternativa, o emblema rodearase cun bordo branco equivalente a 1/25 da súa altura.



2.2 Referencia á Unión Europea

O emblema xunto coa referencia “Unión Europea” situada debaixo do forman o **logotipo da Unión Europea**, único válido para este período de programación.

A composición de emblema e referencia forman o seguinte logotipo (pódese descargar no seguinte enlace:

http://www.conselleriadefacenda.es/documents/10433/78129/00_azul+EUROPA.png/d1c76e38-9c17-400d-87bf-3bc60e5c64a4?t=1445862635503?t=1445862635504):



Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo.

A utilización do emblema e a referencia á Unión Europea, e a referencia ao FSE realizarase atendendo ás seguintes características:

O **emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios Web**. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.

1. O emblema será sempre **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento utilizados. Nos pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao FSE.
2. Cando o **emblema da Unión e a referencia á Unión e ao FSE** correspondente se presenten nun sitio web, serán **visibles ao chegar ao dito sitio web**, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
3. O nome «**Unión Europea**»:
 - a. Sempre aparecerá sen abreviar.
 - b. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu.
 - c. Non se utilizará a cursiva, o subliñado nin outros efectos.
 - d. O corpo do tipo (de letra) utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de modo que non interfira.
 - e. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
4. Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura ou anchura, que o maior dos demais logotipos.

2.3 Referencia ao FSE

Para este novo período 2014-2020, **a referencia ao FSE e o seu lema (“O FSE inviste no teu futuro”)**, non poden estar unidos ao logotipo da Unión Europea. Deben diferenciarse por un lado o logotipo da UE (emblema e referencia), e por outro, sen ningún logotipo, a referencia ao FSE e o seu lema.

Para iso, deberase agrupar na cabeceira ou pé do documento, cartel, etc. exclusivamente o emblema coa súa referencia e resto de logotipos, e, no corpo do documento, cartel, etc. incorporar as outras referencias obrigatorias como son a referencia ao FSE e o seu lema.

2.4 Lema do FSE

O lema é a frase que debe acompañar a referencia ao FSE. O lema elixido para o FSE é **“O FSE inviste no teu futuro”**.

2.5 A imaxe corporativa institucional de Galicia

A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral expedidos polos departamentos da Xunta de Galicia, as delegacións territoriais e todos os entes que integran o sector público autonómico.

Soamente existen tres supostos nos que xunto á imaxe corporativa institucional se poderá engadir a plasmación tipográfica da expresión do nome das consellerías e órganos delas dependentes, así como das delegacións territoriais e xefaturas territoriais delas dependentes. Estes tres supostos son: papelería oficial, sinalización de edificios e portada interior de publicacións específicas da consellería.

Os logotipos corporativos da Xunta de Galicia, consellerías e entidades instrumentais poden descargarse da seguinte dirección:

<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>



2.6 A marca turística de Galicia

Deberase utilizar como elemento adicional a marca turística de Galicia en todas as accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas (pódese descargar na seguinte dirección: <http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-galicia>).



2.7 Utilización conxunta de elementos de comunicación

Deben respectarse os seguintes criterios:

- O emblema da Unión terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura ou anchura, que o da Xunta de Galicia.
- O resto de marcas deberán reproducirse a unha escala inferior (60% do tamaño do logotipo da Xunta de Galicia)

Apertura dun documento

O formato para a apertura dun documento, ou na parte superior de calquera tipo de material de comunicación, é o seguinte:

- Deberase situar na parte superior esquerda, abrindo o documento, en primeiro lugar o logotipo da Xunta de Galicia, seguido do logo da Unión Europea.
- O emblema da UE (sen incluír a referencia á UE) co que se conforma o logotipo debe ser da mesma altura que o emblema de Xunta de Galicia.
- Os logotipos do resto de entes figurarán ao 60% do tamaño do logotipo da Xunta, situándose á esquerda da marca turística da Xunta de Galicia, en orde de maior importancia, de esquerda a dereita.

Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia e Unión Europea



Exemplo utilización de logotipos da Xunta de Galicia, Unión Europea e entes instrumentais



Peche dun documento

O formato do peche dun documento, ou na parte inferior de calquera tipo de material de comunicación, é o seguinte:

- Deberase situar na parte inferior dereita, pechando o documento, en primeiro lugar o logotipo da Xunta de Galicia, seguido do logo da Unión Europea á súa esquerda. A continuación situaríanse os resto de logotipos e marcas a un tamaño do 60%.
- O tamaño e escala dos logotipos segue o mesmo criterio que na apertura dun documento.

Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia e Unión Europea



Exemplo de utilización de logotipos da Xunta de Galicia, Unión Europea e entes instrumentais



3 MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

3.1 Páxinas web

Os beneficiarios dos fondos europeos que dispoñan de páxina Web, durante a execución das operacións deben realizar unha **descrición** destas de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus **obxectivos e resultados**, destacando o apoio financeiro da unión a través da Web.

Como obxectivo deberase indicar o seguinte **“Conseguir unha educación de calidade”**.

En canto á mención dos resultados, deberase incluír unha **mención aos indicadores** programados. Non é necesario recoller a súa cuantificación para proporcionar información na Web, pero si se deberán indicar de modo resumido e claro os resultados cualitativos esperados. Se os indicadores programados resultan un tanto xenéricos (como por exemplo, número de empresas axudadas), pode substituírse a mención a indicadores programados cun parágrafo explicativo do resultado obtido a través da operación.

Deberase habilitar un **apartado específico nas páxinas Web** dos beneficiarios denominado PO FSE Galicia 2014-2020 "O FSE inviste no teu futuro"

Ademais de mostrar adecuadamente o logotipo da Unión Europea, deberase incorporar un parágrafo coa seguinte información sobre cada operación que se vai desenvolver: “descrición da operación está cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, co obxectivo temático de conseguir unha educación de calidade”, para mención sobre os indicadores de execución e resultado.”

Para poder demostrar o cumprimento da obriga regulamentaria de subministro de información a través da Web dos beneficiarios durante a execución da operación europea, é importante **gardar unha proba documental do proceso**, como pode ser unha captura de pantalla mostrando a información subministrada nunha data concreta.

Exemplo de información proporcionada directamente a través da Web:



The screenshot shows a website header with logos for Xunta de Galicia, Hospital Alvaro Cunqueiro, and Servizo Galego de Saúde. Below the header is a large image of the hospital at night. The main content area features a section titled "Presentación" with text describing the hospital's construction and funding. A red arrow points to the "FEDER" menu item in the navigation bar.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE


HOSPITAL
ÁLVARO CUNQUEIRO

SERVIZO GALEGO
de SAÚDE

Presentación

A Xunta de Galicia construíu en Vigo un novo Hospital Público que presta asistencia sanitaria a máis de 600.000 veciños desta cidade e a súa área de influencia. Trátase da obra sanitaria pública de maior envergadura que se acometeu nos últimos tempos en España. Con esta nova infraestrutura asistencial, que forma parte do sistema multihospital, dáse resposta con visión de futuro a unha necesidade histórica, e faise xustiza coa área sanitaria máis numerosa de Galicia. A área metropolitana de Vigo xa dispón dun hospital público dos máis modernos de Europa, situado na vangarda tecnolóxica, no que prestan asistencia os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde, e que ofrece as mellores condicións asistenciais para pacientes e profesionais.

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, unha maneira de facer Europa
A adquisición e montaxe dos equipamentos para a posta en marcha e funcionamento dos servizos sanitarios no novo hospital de Vigo está cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, Obxectivo temático de promoción da igualdade, a saúde e a inclusión social, para dar mellor cobertura sanitaria á poboación da comarca de Vigo, reducindo o tempo medio de espera estrutural cirúrxico e acadando unha maior ambulatorización dos procesos cirúrxicos.



The screenshot shows a website navigation menu with "HOME" and "FEDER" (highlighted with a red arrow) as main items, along with "PAGES", "LAYOUTS", and "STYLES" dropdown menus. Below the menu is a hero section for "PROTEAN" with the text "An exclusive, modern template" and a "READ MORE" button. A bottom navigation bar contains icons for Protean, settings, a grid, a wrench, a moon, and a hamburger menu.

HOME FEDER PAGES LAYOUTS STYLES

PROTEAN

An exclusive, modern template

Protean



HOME FEDER PAGES LAYOUTS STYLES



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



igape



galicia

Programa Re-Acción: servizos de análise do potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico

Esta empresa participa no Programa Re-Acción, cuxo resultado é favorecer o crecemento e consolidación das PEME, mellorando a súa financiación, tecnoloxía e acceso a servizos de apoio avanzados

Operación cofinanciada pola Unión Europea
Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Conseguir un tecido empresarial máis competitivo
Unha maneira de facer Europa

3.2 Contratos predoutorais

Nos contratos predoutorais deberá incluírse a seguinte referencia:


“Este contrato está financiado con cargo ás axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e conta co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Social Europeo do Programa operativo de Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80%, dentro do obxectivo temático 10 «Investir en educación, desenvolvemento de capacidades e aprendizaxe permanente en rexións máis desenvolvidas», prioridade de investimento 10.2. «A mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para grupos desfavorecidos», obxectivo específico 10.2.1. «Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres».

3.3 Facturas / nóminas / contratos

Os documentos orixinais (facturas/nóminas/contratos) xustificativos do cofinanciamento por parte do FSE, no marco das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, deben estar selados no anverso por un selo no que se indiquen as seguintes cuestións:

- Logo da Xunta de Galicia
- Logo da Unión Europea
- A frase “Cofinanciado nun _____ % polo FSE no marco das axudas de apoio á etapa predoutoral”

A continuación móstrase un exemplo de selo:



3.4 Carteis informativos nos centros de destino e nos lugares de realización da actuación

O beneficiario debe colocar un cartel informativo, de tamaño mínimo A3, durante a execución da operación, nun lugar ben visible para informar o público do apoio obtido do FSE, por exemplo na entrada dun edificio.

Para demostrar o cumprimento da obriga regulamentaria é necesario gardar **probos documentais da súa colocación**, como poden ser fotografías no emprazamento físico no que se localice, nas que se distinga a data na que foron tomadas.

Contido:

- Logotipo da Xunta e da UE
- Referencia ao FSE
- Lema “O FSE inviste no teu futuro”
- Información sobre o proxecto
- Mención á axuda financeira da Unión
- Marca turística de Galicia

Modelos de carteis informativos:

 XUNTA DE GALICIA	 UNIÓN EUROPEA	60%   
<p>Nombre de la operación</p> <p>Operación cofinanciada por la Unión Europea Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020</p> <p>Objetivo temático resumido según estrategia de comunicación</p> <p><i>El FSE invierte en tu futuro</i></p>		

Nombre de la operación

Operación cofinanciada por la Unión Europea
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020

Objetivo temático resumido según estrategia de comunicación
El FSE invierte en tu futuro

60%

galicia

**XUNTA
DE GALICIA**

Os materiais utilizados para a elaboración dos carteis deben ser os adoitados para garantir a súa durabilidade e a súa resistencia aos cambios climáticos, especialmente os expostos ao aire libre.

Entre os materiais recomendados para os carteis informativos pódese mencionar:

- Cartón-pluma
- Plástico
- Adhesivo
- Lona

Exemplo de cartel informativo reproducido en cartón-pluma



 XUNTA
DE GALICIA

 UNIÓN EUROPEA

 igape

 amtega
Avance para a
Modernización Tecnolóxica



A tecnoloxía que nos une,
e que nos fai crecer

WWW

PROGRAMA Re-acciona TIC

OPERACIÓN COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

Promover o desenvolvemento tecnolóxico,
a innovación e unha investigación de calidade

Unha maneira de facer Europa

3.5 Publicacións: científicas, libros, folletos, trípticos, dípticos

Todas as publicacións deben adaptarse aos seguintes requisitos:

3.5.1 Publicacións científicas

Nas publicacións científicas que sexan editadas no marco das actuacións cofinanciadas polo FSE deberá figurar como mínimo unha **referencia á participación da Xunta de Galicia, da Unión Europea e do FSE**.

A continuación expóñense algúns exemplos do texto que se debe incluír:

"Esta publicación científica foi financiada polas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario galego, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cuxo financiamento procede da Unión Europea a través do Fondo Social Europeo nun 80% e no 20% restante da Secretaría Xeral de Universidades, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia".

"This work has received financial support from the Xunta de Galicia and the European Union (European Social Fund - ESF)."

"Financial support from the Xunta de Galicia and the European Union (European Social Fund - ESF), is gratefully acknowledged."

3.5.2 Libros impresos ou electrónicos

Cuberta

Nela deberán figurar:

- O título, que debe ser curto e responder con fidelidade ao contido do libro.
- O nome do/a autor/a ou autores/as, sempre que o número deles non sexa superior a catro. Nas publicacións de relatorios de xornadas,



seminarios, encontros e similares poderase inserir o nome da persoa directora ou coordinadora das ditas actividades, coa mesma limitación numérica, no seu conxunto, anteriormente sinaladas.

- O **logotipo da Xunta de Galicia** ou as palabras “Xunta de Galicia” na parte inferior esquerda e a continuación, á súa dereita o **emblema da Unión** coa referencia “Unión Europea”. Se é posible debe incluírse a continuación a **marca turística de Galicia** a un tamaño do 60%.

Contracuberta

Levará o número de ISBN en código de barras, e, na parte inferior dereita, a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, na que figure o departamento correspondente.

Tamén na parte inferior, antes do **logotipo da Xunta**, levará o **emblema da Unión coa súa referencia** e, na parte inferior esquerda, sempre que se poida, levará a **marca turística da Xunta de Galicia** a un tamaño do 60%; nas súas medidas non poderá exceder dunha cuarta parte do ancho do libro.

O lombo do libro

Levará na parte inferior o **escudo de Galicia**, máis arriba o **emblema da Unión**, máis arriba o título do libro e, se queda espazo, o nome do autor ou autora.

Páxina de créditos

Recollerá as mencións de responsabilidade, se así se considera conveniente, o número de depósito legal, o número de ISBN, a imprenta e outros habituais.

A portada

Debe levar os seguintes elementos: título, nome do autor ou autora e as palabras Xunta de Galicia e Unión Europea.


Cando unha obra non estea destinada ao comercio, deberase facer constar nela o seguinte: “Obra non venal”.

3.5.3 Publicacións impresas e electrónicas

En todo tipo de publicacións que se editen (folletos, notas informativas, trípticos, dípticos, etc.) que fagan referencia a actuacións cofinanciadas, reservarase un espazo na portada e/ou contraportada para destacar a participación da Unión Europea.

Así mesmo, calquera material electrónico ou en papel que se distribúa deberá incluír o **logotipo da UE** no encabezado ou, no seu defecto, no pé de páxina, xunto co **logotipo da Xunta de Galicia**. No corpo do documento ou no encabezado ou pé de páxina deberá incorporarse a **referencia ao FSE** e o lema “**O FSE inviste no teu futuro**”, pero sen incorporar ao logotipo da UE.

Exemplo:



**Xuventude
medio rural
e cooperativismo**

Promoción
do emprendemento
cooperativo xuvenil
no ámbito rural

Adega Condés de Albarei

27 de xullo, 10.00 - 14.00h



FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

PROGRAMA

- Incorporación á actividade agrogandeira tempo completo/parcial
- Servizos de apoio da cooperativa aos mozos que se incorporan á actividade
- Axudas e apoios aos mozos para iniciarse na actividade no ámbito rural
- Mesa redonda: Casos de éxito
- Clausura e petiscos

Apúntate!
981-584783

galicia


UNIÓN EUROPEA
XUNTA
DE GALICIA

3.6 Actividades formativas e informativas

Na celebración de cursos, seminarios, xornadas, presentacións, etc., asociadas ás operacións cofinanciadas, é necesario recoñecer o apoio dos fondos. O apoio mínimo que esixe a Unión consiste en mostrar o **logotipo da Unión**, xunto coa **referencia ao FSE** e o **lema “O FSE inviste no teu futuro”**.

En calquera caso, cando se organicen **actividades formativas ou informativas**, como conferencias, seminarios, feiras, exposicións, roldas de prensa, etc., relacionadas con actuacións cofinanciadas, deberanse ter en conta os seguintes aspectos:


- No programa, invitacións e material de carteleira (carteis, pósters, rollers, etc.), así como nas presentacións que se proxecten ou o material divulgativo que se elabore, aparecerán o **logotipo da UE** xunto coa **referencia ao FSE** e o **lema**.
- Deberá colocarse un cartel informativo, de tamaño mínimo A3, que recolla os **logotipos** correspondentes, a **referencia ao FSE** co seu **lema**, así como información sobre o **nome** e o **obxectivo principal** da operación.
- Procurarase colocar a **bandeira da Unión Europea** na sala onde teña lugar o acto, xunto coa de España e a da Comunidade Autónoma de Galicia.

Exemplos de actuacións no ámbito formativo:


Cursos ou xornadas



Certificados



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Director do Centro Autónomo de Formación e Innovación

Certifica que

D.

<p>con DNI _____ participou como relator (7h), dun total de 20 horas, na actividade de formación do profesorado:</p>	<p>con DNI _____ participou como ponente (7h), de un total de 20 horas, en la actividad de formación del profesorado:</p>
--	---

FORMACIÓN ESPECÍFICA DE XESTIÓN ECONÓMICA PARA SECRETARIOS DE CENTROS CON ENSINANZAS COFINANCIADAS POLO FSE, (Xestión e trámites asociados aos gastos dos centros)


<p>Modalidade: Curso (Presencial)</p> <p>que se celebrou en Santiago de Compostela dende o día _____ de xullo de _____ ata o día _____ de xullo de _____</p> <p>E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a _____ de setembro de 2011</p>	<p>Modalidade: Curso (Presencial)</p> <p>que se celebrou en Santiago de Compostela desde el día _____ de julio de _____ hasta el día _____ de julio de _____</p> <p>Y para que así conste, firmo la presente certificación en Santiago de Compostela, a _____ de septiembre de 2011</p>
--	---

FORNIDO SOCIAL EUROPEO

© FSE axudas ao seu futuro

S	01	01	X	14	017	1754
---	----	----	---	----	-----	------

Este certificado está suxeito a un proceso de validación. Verificación: <http://www.xunta.gal/validacion>



Diploma de asistencia



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA

Unión Europea

g Galicia

Academia Galega de Seguridade Pública
DIPLOMA DE ASISTENCIA

Núm.: 2016-5243

con NIF núm. superou o curso "Patrón de navegación básica (PNB)", organizado pola AGASP, cofinanciado co Fondo Social Europeo no marco do PO FSE 2014-2020 de Galicia e desenvolvido na Estrada os días 8 de abril, 13 e 20 de maio de 2016, cunha duración de 20 horas lectivas.

A Estrada, 4 de agosto de 2016

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

O director xeral



LUIS MENOR PEREZ

Documento informativo



ANEXO 18

UNIÓN EUROPEA

DOCUMENTO DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS QUE PARTICIPAN NOS PROXECTOS DE OBRADOIROS DE EMPREGO, DIRIXIDOS ÁS PERSOAS MOZAS INCLUIDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, DO COFINANCIAMENTO POR PARTE DO FONDO SOCIAL EUROPEO DOS CUSTOS DERIVADOS DO SEU CONTRATO

g Galicia

ENTIDADE PROMOTORA CONCELLO DE A RUA
OBRADOIRO DE EMPREGO "VALDEORRAS EMPREGO XUVENIL"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego Promoveo

Informe que os custos derivados da súa contratación temporal formalizada con vostede o día 19 DE Agosto de 2015, foron subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar, mediante resolución de data 13 de Xullo de 2015, e que poden ser cofinanciados polo Fondo Social Europeo, nun 91,89%, con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil, para o período 2014-2020.

O que se lle comunica para os efectos de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.

En A RUA, 19 DE AGOSTO DE 2015

A ALCALDESA-PRESIDENTA DA ENTIDADE PROMOTORA



Recibín:

D.N.I.:


Data: 19 de Agosto de 2015

3.7 Comunicación a través de anuncios, audio ou vídeo

3.7.1 Publicación de anuncios

Os anuncios das actuacións realizadas, xa sexan difundidos por prensa escrita ou a través de Internet, ademais dos seus elementos habituais, como poden ser o título, imaxe, corpo de texto, etc., deberán incluír o **logotipo da Unión Europea**, a **referencia ao FSE** e o **lema**, así como o **nome da operación**, os seus **obxectivos e resultados**, do mesmo modo ao indicado para transmitir información a través da Web dos beneficiarios.

Exemplos:



CADA VEZ PARA MÁIS GENTE,
GALICIA ES EL BUEN CAMINO.


Porque para ver
grandes paisajes,
no necesito
largos viajes

Más de 1.600 kilómetros de costa y 863 playas.


Descansando bien, comiendo bien, disfrutando de la naturaleza, de las cosas sencillas y de la buena gente. Así pueden ser tus vacaciones en Galicia. Disfruta de nuestra hospitalidad, de lugares mágicos y de una cultura de calidad que ya tiene nombre en todo el mundo: Galicia Calidade.

ESTE VERANO, TUS VACACIONES POR EL BUEN CAMINO

galicia
el buen camino

 UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMIENTO REGIONAL
Una man manira de faza Europa

 XUNTA
DE GALICIA



3.7.2 Emisións de voz

As cuñas de audio que se emitan nos medios radiofónicos ou a través de Internet, incluírán de maneira obrigatoria unha alusión ao financiamento europea da actuación, tal como:

“Mensaxe cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo”. “O FSE inviste no teu futuro”

“Actuación cofinanciada pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo”. “O FSE inviste no teu futuro”

3.7.3 Emisións de vídeo

As emisións de comunicación dunha operación cofinanciada deberá incorporar ao comezo ou ao finalizar esta o **logotipo da UE**, a **referencia ao FSE**, o seu **lema**, e o **nome da operación** cos seus **obxectivos e resultados**, do mesmo modo ao indicado para transmitir información a través da Web dos beneficiarios.